

# Como localizar


Para buscar un libro, DVD, etc. na biblioteca serache de axuda o **catálogo do Meiga**, que é unha base de datos formada polos rexistros bibliográficos da nosa colección:

<http://www.opacmeiga.rbgalicia.org/>



Unha vez localizado no catálogo, vemos a **sinatura** (que nos **di onde está situado**).

*Correspóndese coa etiqueta que todos os libros levan no lombo e **achega a seguinte información**:*



Para poder collelo, fíxate nos **carteis** que están na parte superior dos andeis, **que indican a área de coñecemento principal**.

Unha vez na sección correcta, ten en conta que a **colación dos materiais faise por orde alfabética**: primeiro por CDU; logo, segundo a autoría; e, por último, por título.



Ante calquera dúbida,  
pídenos axuda!

## Contacta con nós

**Teléfono:** 886 159 860

**Enderezo electrónico:**

[biblioteca.cifp.xunqueira@edu.xunta.gal](mailto:biblioteca.cifp.xunqueira@edu.xunta.gal)

**Redes sociais:**



Biblio CIFP A Xunqueira



[biblioteca.cifpaxunqueira](https://www.instagram.com/biblioteca.cifpaxunqueira)



[blog-biblioteca-cifp-a-xunqueira.tumblr.com](http://blog-biblioteca-cifp-a-xunqueira.tumblr.com)

# Guía de uso da biblioteca

## CIFP A Xunqueira



# Quen somos

Somos un **espazo de recursos para a lectura, información e aprendizaxe** de toda a comunidade educativa do CIFP A Xunqueira.

Dispoñemos dunha **colección** con fondos en diferentes soportes relativos a **contidos curriculares, obras xerais de referencia, ficción...** A meirande parte están na biblioteca, aínda que tamén os hai noutras zonas, como nos departamentos das familias profesionais.

## Horario



De luns a venres durante o horario de apertura do centro.

## Servizos

- **Préstamo.**
- Plataforma de préstamo dixital **E-LBE.2.**
- **Lectura** e consulta en sala.
- **Ordenadores** con acceso á Rede para facer buscas documentais e/ou traballos.
- **Espazo de traballo:** individual ou en grupo.
- **Formación** no uso da biblioteca.
- **Accións** para o fomento da lectura, culturais e para a alfabetización informacional.
- Solicitude de novas **adquisicións.**
- **Wifi.**

# Préstamo

Podes levar **3 libros, revistas, CDs ou DVDs.** No caso dos libros durante un período de 15 días (renovables se non hai reservas) e 7 días no caso de DVDs. Os **xogos** só se prestan para uso na aula e devólvense no propio día.

Os xornais, dicionarios e enciclopedias só se poden consultar na sala.

*Ti mesma/o podes facer o registro do préstamo enchendo o formulario situado na recepción.*

*Para renovacións, cubre novamente o formulario, indicando que é unha renovación.*

*Para a devolución só tes que depositar o material na caixa para devolucións.*

# Adquisicións

Podes **solicitar a compra de obras** para a biblioteca cubrindo o formulario de novas adquisicións **na recepción** ou a través do correo: [biblioteca.cifp.xunqueira@edu.xunta.gal](mailto:biblioteca.cifp.xunqueira@edu.xunta.gal)

Consulta as últimas novidades a través das **redes sociais da biblioteca**, do **expositor** da mesma, así como a través do **catálogo** (OPAC Meiga).

# Como está organizada

Os fondos están ordenados **en base ás áreas principais de coñecemento que propón a CDU** (Clasificación Decimal Universal, sistema empregado xeralmente nas bibliotecas):

0. Xeneralidades (dicionarios, enciclopedias).
1. Filosofía. Psicoloxía. Ética.
2. Relixión.
3. Ciencias Sociais. Economía.
4. (Baleiro)
5. Matemáticas. Ciencias naturais.
6. Ciencias Aplicadas. Tecnoloxía.
7. Arte. Música. Xogos. Deportes. Espectáculos.
8. Lingua. Literatura.
9. Xeografía. Biografía. Historia.

Aquí é onde se localizan moitos dos recursos relativos á igualdade de xénero, Servizos Socioculturais e á Comunidade, FOL...

Nesta área engóbanse libros das familias profesionais de Electrónica, Madeira e Automoción.

Relativo a obras literarias (poesía, narrativa, narrativa xuvenil, banda deseñada, teatro...).